



**Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico**

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor

## **MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS E O GRAO EN DEREITO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Centros académicos responsables:

**Facultade de Economía e Empresa**  
**Facultade de Dereito**

Este programa foi aprobado pola xunta de centro da Facultade de Dereito na sesión do 25 de xuño de 2026, e pola xunta de centro da Facultade de Economía e Empresa na sesión do 30 de xuño de 2026.

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026.

## **1. Autorización do Programa de Simultaneidade**

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola Facultade de Economía e Empresa e a Facultade de Dereito, que lle permite ao estudantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de Grao en Administración e Dirección de Empresas e de Grao en Dereito (a partir de agora, “Programa de Simultaneidade”).

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar a partir dos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

O Programa de Simultaneidade e a súa normativa axústanse ao disposto no Regulamento 1/2025 da UDC e constitúe unha oferta integrada de formación, sen modificar substancialmente os plans de estudos das titulacións implicadas, conforme ao establecido na normativa vixente.

## **2. Proxecto formativo**

### **2.1. Denominación e duración do Programa**

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e o Grao en Dereito. O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas pola UDC, e de Graduado/a en Dereito pola UDC.

O programa terá unha duración de 11 cuatrimestres, de acordo coa estrutura que se detallará no apartado 2.5. Para superar o programa será preciso completar un total de 402 ECTS.

### **2.2. Centros que o propoñen**

Participan na impartición do presente Programa de Simultaneidade as Facultades de Economía e Empresa e de Dereito. Será centro xestor e, en consecuencia, responsable da custodia dos expedientes do estudantado e da xestión administrativa do Programa a Facultade de Dereito.

A docencia das materias do Programa realizarase de xeito independente ás materias do Grao en ADE e do Grao en Dereito, e impartirase cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as materias que se van impartir.

### **2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas**

O número de prazas ofertadas para o Programa de Simultaneidade determinarase para cada curso académico, segundo o aprobado polo Consello de Goberno a proposta das Facultades de Economía e Empresa e de Dereito, de conformidade coa normativa vixente.

## 2.4. Xustificación do Programa: Interese académico, científico e profesional do itinerario

O Programa de Simultaneidade responde á complementariedade que teñen a formación xurídica e a económico-empresarial. O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito pertencen a dous ámbitos de coñecemento claramente diferenciados, pero altamente complementarios dende o punto de vista académico e profesional. Mentres o primeiro proporciona unha formación sólida na análise, organización e dirección das actividades económicas e empresariais, o segundo ofrece as ferramentas necesarias para a comprensión, interpretación e aplicación do ordenamento xurídico.

A interacción entre ambos ámbitos resulta especialmente relevante nun contexto socioeconómico caracterizado pola crecente complexidade normativa das actividades económicas, pola globalización dos mercados e pola necesidade de integrar criterios xurídicos na toma de decisións empresariais. Neste sentido, unha parte significativa das actividades profesionais propias do ámbito empresarial, como a contratación, a planificación fiscal, o cumprimento normativo (*compliance*), a resolución de conflitos ou a gobernanza corporativa, require coñecementos xurídicos avanzados, ao tempo que o exercicio de profesións xurídicas, en particular no ámbito mercantil, fiscal e económico, demanda unha comprensión adecuada da realidade empresarial e financeira.

Dende o punto de vista académico, ambos títulos comparten determinadas bases formativas (como o razoamento analítico, a interpretación sistemática ou a capacidade de resolución de problemas complexos), así como a adquisición de competencias semellantes, ao tempo que ofrecen enfoques complementarios que enriquecen a formación integral do estudantado. Esta complementariedade fai posible a construción dun itinerario formativo coherente que integra materias esenciais de ambos os plans de estudos sen comprometer a adquisición das competencias fundamentais previstas nas respectivas memorias verificadas.

Dende o punto de vista profesional, o Programa responde á demanda de perfís híbridos capaces de operar na intersección entre o dereito e a economía, cunha especial relevancia en ámbitos como a asesoría xurídico-empresarial, a consultaría, a dirección de empresas, a xestión pública, a auditoría, a banca e os mercados financeiros, entre outros. O Programa permite, así, formar titulados cunha alta empregabilidade e unha capacidade diferencial para asumir responsabilidades en contornos complexos.

## 2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

O itinerario curricular específico estruturase en once cuatrimestres, cunha carga lectiva de 36 créditos por cuatrimestre, excepto no undécimo cuatrimestre que terá unha carga lectiva de 42 créditos.

|                                        |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
|----------------------------------------|----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Primeiro Curso</b>                  |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Primeiro Cuadrimestre (ADE)</b>     | 200058 Matemáticas I (FB)                                | 200050 Principios de Microeconomía (FB)                                   | 200053 Análise das Operacións Financeiras (FB)                    | 200054 Principios de Macroeconomía (FB)         | 200057 Economía da Empresa: dirección e Organización (FB) | 200051 Historia Económica (FB)                                                              |
| <b>Segundo Cuadrimestre (Dereito)</b>  | 202125 Fundamentos Romanísticos da Cultura Xurídica (FB) | 200076 España na Configuración Histórico-Xurídica de Europa (FB)          | 200077 Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos (FB)             | 200080 Teoría do Dereito (FB)                   | 200081 Dereito da Persoa (FB)                             | 200084 Dereito Penal. Parte Xeral (OB)                                                      |
| <b>Segundo Curso</b>                   |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Terceiro Cuadrimestre (Dereito)</b> | 200083 Organización Constitucional do Estado (OB)        | 200085 Dereito da Empresa (FB)                                            | 200086 Dereito Eclesiástico do Estado (FB)                        | 200087 Dereito de Familia (OB)                  | 200088 Constitución e Poder Xudicial (OB)                 | 200089 Institucións e Ordenamento Xurídico-Administrativo (OB)                              |
| <b>Cuarto Cuadrimestre (ADE)</b>       | 200059 Matemáticas II (FB)                               | 200055 Estatística I (FB)                                                 | 200061 Microeconomía: Mercados e competencia (OB)                 | 200060 Economía Mundial e Española (OB)         | 200062 Contabilidade Financeira I (OB)                    | 200064 Introducción ao Marketing (OB)                                                       |
| <b>Terceiro Curso</b>                  |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Quinto Cuadrimestre (Dereito)</b>   | 200090 Dereito de Obrigas e Danos (OB)                   | 200091 Actuación e Bens das Administracións Públicas (OB)                 | 200092 Fundamentos de Dereito Financeiro (OB)                     | 200093 Dereito Internacional Público (OB)       | 200094 Dereito Sancionador (OB)                           | 200097 Dereito do Traballo (OB)                                                             |
| <b>Sexto Cuadrimestre (ADE)</b>        | 200063 Estatística e Introducción á Econometría (OB)     | 200065 Política Económica (OB)                                            | 200066 Macroeconomía e Contorno Empresarial (OB)                  | 200067 Contabilidade Financeira II (OB)         | 200069 Teoría do Inversión (OB)                           | 200075 Facenda Pública. Sistema Fiscal (OB)                                                 |
| <b>Cuarto Curso</b>                    |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Sétimo Cuadrimestre (Dereito)</b>   | 200095 Dereito da Unión Europea (OB)                     | 200096 Dereito Mercantil: Dereito de Sociedades e de Títulos-Valores (OB) | 200098 Dereito da Contratación (OB)                               | 200099 Dereito Penal. Parte Especial (OB)       | 201102 Dereito Procesual Penal (OB)                       | 202150 Dereito Tributario (OB)                                                              |
| <b>Oitavo Cuadrimestre (ADE)</b>       | 200068 Econometría (OB)                                  | 200070 Teoría do Financiamento (OB)                                       | 200071 Contabilidade de Xestión (OB)                              | 200072 Análise Económica das Organizacións (OB) | 200073 Investigacións de Mercados (OB)                    | 200074 Dirección Estratéxica e Política Empresarial I (OB)                                  |
| <b>Quinto Curso</b>                    |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Noveno Cuadrimestre (Dereito)</b>   | 202154 Dereito Procesual Civil (OB)                      | 200101 Dereitos Reais (OB)                                                | 202151 Dereito Público Autonómico (OB)                            | 202153 Dereito Internacional Privado (OB)       | 200100 Filosofía do Dereito (OB)                          | 202156 Dereito Mercantil: Contratos empresariais. Dereito Concursal e Dereito Marítimo (OB) |
| <b>Décimo Cuadrimestre (ADE)</b>       | 202105 Contabilidade das Operacións Societarias (OB)     | 202106 Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa (OB)  | 202107 Deseño Organizativo (OB)                                   | 202108 Distribución Comercial (OB)              | 202110 Contabilidade Directiva (OB)                       | 202112 Planificación Financeira (OB)                                                        |
| <b>Sexto Curso</b>                     |                                                          |                                                                           |                                                                   |                                                 |                                                           |                                                                                             |
| <b>Undécimo Cuadrimestre</b>           | 202155 Dereito de Sucesións (Dereito) (OB)               | 202109 Facenda Pública Española. Sistema Fiscal (ADE) (OB)                | 202111 Dirección Estratéxica e Política Empresarial II (ADE) (OB) | 202113 Dirección Comercial (ADE) (OB)           | 202114 TFG ADE (12ECTS) (OB)                              | 202152 TFG Dereito (6 ECTS) (OB)                                                            |

## 2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG)

O estudiantado do Programa de Simultaneidade deberá elaborar dous traballos de Fin de Grao, un correspondente ao Grao en Administración e Dirección de Empresas e outro correspondente ao Grao en Dereito.

Cada un destes traballos terá carácter independente, rexeráse pola normativa específica do TFG do título ao que pertenza, e será avaliado conforme aos criterios e procedementos establecidos na correspondente titulación. Do mesmo xeito, a coordinación académica do TFG será competencia da correspondente facultade.

Para a defensa de cada TFG será necesario ter superados todos os créditos do plan de estudos da titulación correspondente, agás os relativos ao propio traballo, e lle resten 12 créditos ou menos do outro título, exceptuando tamén os correspondentes ao TFG, de acordo co disposto na normativa aplicable en cada grao, sen que sexa preciso ter completado previamente a totalidade do itinerario do Programa de Simultaneidade. A este efecto, aplicaranse as equivalencias e recoñecementos establecidas no apartado 2.8 en canto as materias recoñecidas sexan cursadas.

## 2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

O itinerario docente do Programa de Simultaneidade levará ao estudiantado a adquirir os coñecementos e as competencias fundamentais establecidas nas memorias do título de Grao en ADE e de Grao en Dereito. Para isto, o estudiantado cursará todas as materias de formación básica e obrigatorias de ambos títulos de grao, agás nos supostos onde, de acordo co seguinte artigo, algunha destas materias se recoñeza por unha materia doutro título, mediante a cal alcánzanse os resultados de aprendizaxe da materia recoñecida. Hai dúas excepcións que son as materias de formación básica 200052 Socioloxía do grao en ADE e 200078 Comunicación oral e escrita do grao en Dereito que non se cursan no programa de simultaneidade e que as súas competencias fundamentais adquirense a través de competencias transversais da titulación e a través doutras materias dos títulos de grao correspondentes, como son, entre outras:

200051 Historia Económica, 200060 Economía Mundial e Española, 202106 Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa, 200080 Teoría do Dereito, 200089 Institucións e Ordenamento Xurídico-Administrativo ou 200100 Filosofía do Dereito, 202125 Fundamentos Romanísticos da Cultura Xurídica Occidental, 200076 España na configuración histórica-xurídica de Europa. Tamén se deberán realizar os traballos de fin de grao relativos a ambas titulacións, para poder avaliar de xeito separado a adquisición das respectivas competencias.

## 2.8. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

A continuación sinálanse os recoñecementos académicos daquelas materias que non se cursan expresamente no itinerario formativo do Programa académico de

simultaneidade:

| <b>Grao en Administración de Empresa</b>              |                                                                                                                                                                                             |
|-------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Materia non cursada no Programa de simultaneidade     | Materia pola que se recoñece das cursadas no Programa de simultaneidade.                                                                                                                    |
| 200052 Socioloxía (FB)                                | Recoñecemento a través da adquisición de competencias transversais da titulación.<br>O recoñecemento producirase cando se obteñan todos os restantes créditos de FB e OB do Grao en ADE     |
| 200056 Dereito da Empresa (FB)                        | 200085 Dereito da Empresa (OB) (Dereito). Este recoñecemento incluírá a mesma nota da materia de orixe.                                                                                     |
| <b>Grao en Dereito</b>                                |                                                                                                                                                                                             |
| 200078 Comunicación oral e escrita (FB)               | Recoñecemento a través da adquisición de competencias transversais da titulación.<br>O recoñecemento producirase cando se obteñan todos os restantes créditos de FB e OB do Grao en Dereito |
| 200079 Principios económico-contables da Empresa (FB) | 200050 Principios de microeconomía (FB). Este recoñecemento incluírá a mesma nota da materia de orixe.                                                                                      |
| 200082 Principios de Economía e Facenda Pública (FB)  | 200075 Facenda Pública. Sistema fiscal (OB). Este recoñecemento incluírá a mesma nota da materia de orixe.                                                                                  |

O recoñecemento da optatividade contemplada no plan de estudos do Grao en ADE realizarase por un número equivalente de créditos en materias correspondentes ao Grao en Dereito, excepto as incluídas na táboa anterior.

O recoñecemento da optatividade contemplada no plan de estudos do Grao en Dereito realizarase por un número equivalente de créditos en materias correspondentes ao Grao en ADE, excepto as incluídas na táboa anterior.

Os recoñecementos de optatividade ou por competencias de carácter transversal non levarán consigo unha cualificación numérica.

Estes recoñecementos terán carácter gratuíto para o estudantado.

## 2.9. Mecanismos de coordinación docente

A coordinación docente do Programa de Simultaneidade será levada a cabo polas persoas coordinadoras e as comisións académicas do Grao en ADE e do Grao en Dereito e de calidade de ambas facultades. Estas comisións coordínanse emitindo os informes necesarios para o seguimento dos procesos de calidade e para a resolución das posibles reclamacións ou conflitos que puideran xurdir. O estudantado do Programa de Simultaneidade ten grupo propio, ou sexa, non forma

parte dos grupos das titulacións de grao que constitúen o programa, polo que en cada cuadrimestre no centro correspondente, ten un horario e unhas datas específicas para os exames finais, que están publicados nas páxinas web dos centros respectivos. Esta singularidade facilita á coordinación docente entre os mesmos.

En todo caso, prevese a creación dunha comisión de coordinación formada polas persoas responsables dos decanatos, dos vicedecanatos con competencias en materia académica e das coordinacións de ambas titulacións, que se reunirá, cando menos con periodicidade anual.

### **3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade**

Esta normativa específica será de aplicación ao Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e do Grao en Dereito. Tamén será de aplicación a normativa académica da UDC e, en particular, o Regulamento 1/2025, de 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e mestrado con itinerario específico.

#### **3.1. Acceso e admisión de estudantes**

A solicitude de admisión para cursar o Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña. Só poderán optar ao Programa de Simultaneidade aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos os graos.

Non se permitirá o ingreso ao Programa de Simultaneidade de estudantes que xa iniciasen os estudos do Grao en ADE ou do Grao en Dereito.

#### **3.2. Matrícula**

3.2.1. O estudantado de primeiro curso, que curse este estudo, por primeira vez poderá optar por se matricular no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso do Programa, ou ben a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que estableza a norma vixente que regula o réxime de dedicación ao estudo do estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.

3.2.2. O estudantado de continuación de estudos deberase matricular a tempo completo ou a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, respectando sempre o número de créditos que se estableza, con carácter xeral, para todo o alumnado da UDC na norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudo.

3.2.3. De acordo coa norma que regula a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario da UDC, o estudantado de continuación de estudos deberase matricular de todos aqueles créditos de formación básica e obrigatoria que non superase en cursos anteriores. O número

total de créditos non poderá exceder do que estableza a norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudo.

3.2.4. Naqueles casos en que o número de créditos de formación básica e obrigatorios pendentes de cursos anteriores supere o número de créditos en que se queira matricular o alumnado con dedicación a tempo parcial, non será necesario que se matricule de todos eles. Con todo, a matrícula nestes créditos pendentes será prioritaria.

3.2.5. O estudantado poderá desistir da súa matrícula de conformidade con que se dispoña na normativa de xestión académica da UDC que corresponda a cada curso académico.

### **3.3. Progresión e permanencia**

Ao estudantado do Programa de Simultaneidade seralle de aplicación a norma vixente na UDC que regula a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario.

### **3.4. Avaliación e número de convocatorias**

O estudantado matriculado terá dereito, en cada curso académico e para todas as materias do Programa a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación. A avaliación de cada materia realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes, que serán aprobadas a través do sistema ordinario regulado na UDC. As avaliacións realizaranse de acordo co calendario académico que se aprobe en cada curso polas xuntas de Facultade de Economía e Empresa e de Dereito, e serán publicadas xunto coas de cada un dos graos que conforman o Programa de Simultaneidade.

### **3.5. Abandono do Programa de simultaneidade**

3.5.1. O estudantado que decida abandonar o Programa de Simultaneidade deberallo comunicar á administración do centro xestor – a Facultade de Dereito – antes do inicio do período ordinario de matrícula.

3.5.2. En caso de abandonar, os/as estudantes poderán:

a) Elixir, dentro do prazo establecido unha das dúas titulacións do Programa, sempre que cumpran os requisitos de permanencia da titulación que desexen cursar.

De non cumprir estes requisitos, o/a Decano/a da facultade que imparta a correspondente titulación, logo da solicitude da persoa interesada, poderá autorizar a matrícula segundo o que estableza a norma vixente que regule a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento na titulación que elixa dos créditos superados na titulación que abandona. Para iso terase en conta a táboa de

recoñecementos de materias ou bloques de materias establecida no apartado 2.8, exceptuando o recoñecemento da optatividade. Este recoñecemento terá carácter gratuíto.

b) Solicitar, dentro do prazo que corresponda, praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, segundo o que estableza a normativa correspondente. O/A estudante terá dereito ao recoñecemento de créditos superados no Programa de Simultaneidade, de acordo co que recolla a normativa de aplicación.

### **3.6. Finalización do Programa de Simultaneidade ou dunha das titulacións**

3.6.1. Os/As estudantes que finalicen os seus estudos obterán os títulos oficiais de Graduado/a en ADE pola UDC e de Graduado/a en Dereito pola UDC.

3.6.2. Non obstante, o/a estudante poderá solicitar a expedición de calquera dos títulos antes de finalizar o Programa, sempre que teña superados todos os créditos do plan de estudos correspondente, incluído o propio TFG, e cumpra os requisitos de finalización do devandito título. Estas condicións deberán garantir que o estudantado adquira os coñecementos e as competencias fundamentais establecidas na memoria da titulación.

### **3.7. Expedición dos títulos oficiais.**

3.7.1. O estudantado poderá solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais que forman o Programa de Simultaneidade. A solicitude poderase facer a través da secretaría virtual do estudantado ou, no seu defecto, na Administración do centro correspondente ao título que se quere solicitar.

3.7.2. Aboaranse, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

3.7.3. Os trámites administrativos necesarios para a expedición de cada título seguirán o mesmo procedemento que se aplica de forma xeral para a expedición de títulos oficiais.

### **Disposición adicional primeira. Normativa supletoria**

Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos, regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico, e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

### **Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade**

A Universidade da Coruña resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa, se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual. Porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar

os seus estudos do Programa de Simultaneidade

### **Disposición derogatoria. Derogación normativa**

Queda derogada a Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito, aprobada polo Consello de Goberno do 20/07/2017

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa

### **Disposición final segunda . Entrada en vigor**

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e será de aplicación a partir do curso académico 2026/27.

O reitor

Ricardo José Cao Abad